

# ENRAIZAR NAS PERSOAS

XORNADAS ABERTAS SOBRE **COOPERATIVISMO** E **CONSUMO RESPONSABLE**  
A **CORUÑA**, 30 DE NOVIEMBRE E 1 DE DICIEMBRE



**SÁBADO, 30 Nov**

11-14h

Centro Cívico de Monte Alto

17-20h

Centro Cívico de Monte Alto

Centro Municipal de Empresas Accede Papagaio

20:30h

Caneca Furada

**DOMINGO, 1 Dec**

11-14:30h  
Campo da Leña



Cales son os principais retos do consumo responsable? Todo o que se nos presenta como ecolóxico, é ambiental e socialmente sostible? Que podemos facer as persoas consumidoras para estar seguras de que o noso consumo é responsable e beneficia á nosa contorna inmediata? Como participar en procesos de decisión sobre o consumo de produtos e bens de necesidade diaria?

A Xornada ENRAIZAR nas PERSOAS, organizadas pola Unión de Cooperativas Espazocoop, coa colaboración da Cooperativa de Consumo Responsable Zocamiñoa e financiada polo Concello de A Coruña pretenden dar a coñecer distintas experiencias de consumo responsable que nos mostren as potencialidades de implantar e apoiar procesos similares, na nosa cidade. Para isto, coñeceremos proxectos que nos amosarán outros de xeitos de consumir, para satisfacer as nosas necesidades.

Co gallo do X Aniversario da cooperativa de consumo Zocamiñoa (A Coruña), ademais da Xornada, realizaranse obradoiros prácticos e actividades de tipo lúdico para persoas pequenas e grandes, para facilitar a conciliación. E o domingo 1 haberá un novo encontro con produtores locais no Mercado da Leña e unha festa de aniversario.

EspazoCoop é unha Unión de cooperativas, unha entidade asociativa de carácter empresarial, multisectorial e sen ánimo de lucro. Integra cooperativas galegas de traballo asociado, ensino, consumo e servizos.

Comparte e defende os principios e valores do cooperativismo e da economía social e solidaria e cree firmemente que as cooperativas son un modelo empresarial óptimo para o desenvolvemento socioeconómico do territorio e para desenvolver proxectos profesionais de toda índole.

EspazoCoop ten como obxectivos: difundir o cooperativismo, representar e defender os seus intereses, fomentar o cooperativismo e atender as necesidades das cooperativas asociadas.

Outra economía  
É POSIBLE se a economía é un medio, e non un fin, ao servizo das persoas e do desenvolvemento da comunidade.  
É POSIBLE cando a estratexia é que gañemos todos/as.  
É POSIBLE cando se traballa con capital pero non para o capital

## 11:00-11:15 | Inauguración. **O cooperativismo de consumo, cando mercar conciencia.**

- Representante do Concello de A Coruña
- Representante da Unión de Cooperativas EspazoCoop. Constantino Gago Conde, xerente de EspazoCoop
- Representante de Zocamiñoca S. Coop. Galega. X Aniversario da Cooperativa. Yolanda Sánchez.

## 11:15-12:00 | Zocamiñoca 10 anos **construíndo alternativas na Coruña.**

- Socias consumidoras da cooperativa.

## 12:00-14:00 | **Redes que escalan cambios: Os casos da Subbética Ecolóxica (Córdoba) e a Rede Galega de Desenvolvemento e Educación Para o Rural (Galicia).**

Modera: Helena Martínez Cabrera. Zocamiñoca S Coop Gal

- **Coidar a terra e ás persoas: circuitos curtos de comercialización.** Iniciativa agroalimentaria Subbética Ecolóxica [Córdoba]. Inés Criado e Rafael Arroyo. Vogal de Comunicación e Secretario.
- **Máis aló do Eixo Atlántico: a sociedade civil en defensa dun territorio vivo.** Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural. Alicia López Pardo e Alfonso Filgueira. Membros da Directiva.

## 11:00-14:00 | Peque-creadoras. **Espazo de conciliación.**

**(Aforo máximo 20 persoas, actividade de balde previa inscrición)**

Dinamiza Taller de Polo

## **Descanso para o XANTAR**

**Menú de coziña portuguesa no Recuncho de Esmeralda (Rúa Pelamios, 7)**

15 euros persoa. Inscrición previa

### ACTIVIDADES EN PARALELO

## 17:00-18:30 | **Solucións que petan nas portas. O Plan Alimentario 2014-2022 nas Mariñas Coruñesas.**

Modera: Laura Castro

- Balance 5 anos despois: obxectivos, retos e oportunidades. Jorge Blanco Ballón. Xestor Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".
- Asociación e Escola Infantil Municipal A Caracola (Novo Mesoiro, A Coruña): o proxecto de comedor ecolóxico. Beatriz Ferreira. Directora do Centro.
- Escola de Agricultura Ecolóxica Raíña Paraíso (Vilasantar). Producir en ecolóxico para a integración social. Raquel Freire.

## 17:00-18:30 | **Obradoiro de empoderamento fiscal e económico**

**(Centro municipal de empresas Accede Papagaio)**

**Actividade de balde, previa inscrición, persoas adultas**

Imparte: Helena Sanmamede. Étikas.

## 18:30-20:00 | **Obradoiro de experimentación sobre autocoidados en saúde.**

**(Centro municipal de empresas Accede Papagaio)**

**Actividade para persoas adultas e maiores de 11 anos. Aforo máx. 20 persoas, previa inscrición**

Dinamiza: Estefanía Zardoya. Médica de familia e asesora en saúde.

## 18:30-20:00 | **Mesa Redonda. Economía social en Galicia: cando a alternativa se fai norma.**

Modera: Espazocoop: Constantino Gago

- Panxea consumo responsable, Coop (Santiago de Compostela). Estéban González
- Zocamiñoca, consumo responsable, Coop (A Coruña). Marcial Blanco
- Outra forma de vivenda (A Coruña). Ramón Segura
- Arbore consumo consciente, S. Coop. Galega (Vigo). Cándido Martínez
- Nosa enerxía, S. Coop. Galega (Galicia). Ángel Montero Campos
- Bico de grao, S. Coop. Galega (Lugo). Amaia Santamarta
- Mercado da terra, S. Coop. Galega (Lugo). Vítor Santalha

## 17:30-20:00 | **Peque-artistas. Espazo de conciliación.**

**(Aula do Centro Cívico Monte Alto)**

Actividade paralela para nenos e nenas (até 5 anos con persoa adulta a cargo), combinando actividades guiadas para a elaboración de manualidades con materiais sostibles, tradicións doutros lugares de Europa e xogo libre. Aforo máx. 20 persoas, previa inscrición

## 20:30-21:30 | **Peché lúdico. Monólogo sobre consumo responsable.**

Lugar: Cervexería Artesá Caneca Furada (Rúa Panadeiras, 20, Baixo) con pincho de cortesía preparado por produtoras de Zocamiñoca.

ZOCANIVERSARIO  
**10**  
anos  
construíndo  
soberanía  
alimentaria  
na **Coruña**

**11:00 | Mercado Ecolóxico Campo da Leña.**

Posto Zocamiñooca, atención a persoas interesadas con venda de produtos da cooperativa.

**12:30-13:30 | Mesa Consumo responsable a pequena escala, coa participación de grupos de consumo da provincia da Coruña.**

- Grupo de consumo Carballo. Diego Soneira e Sonia Varela
- Millo Miúdo(Oleiros). Coqué Saavedra
- Zocamiñooca. Maru Regueiro
- Grupo de consumo Orro. Luz Manso

**13:30-14:30 | Sesión vermut | Festa X Aniversario da Cooperativa Zocamiñooca, amenizada pola cantautora Sofía Espiñeira.**



**COORUÑA  
COOPERA**  
UNHA CIDADE DE COOPERATIVAS

Outra das iniciativas da Unión de Cooperativas Espazocoop en colaboración co Concello da Coruña, vai ser a campaña Cooruña Coopera -unha cidade de cooperativas-, nos meses de novembro e decembro. A campaña busca poñer en valor as cooperativas da Coruña, tanto desde o punto de vista das consumidoras -un consumo responsable, de bens e servizos de cercanía- como das emprendedoras -como alternativa económica cada vez máis estendida-.

# ENRAIZAR NAS PERSOAS

A Coruña, 30 de novembro e 1 de decembro, 2019

Máis info:

[www.zocaminhoca.org](http://www.zocaminhoca.org) | [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)  
tel. 698183847



espazo coop  
unión de cooperativas galegas

| Se queres ir rápido, vai so.  
| Se queres ir lonxe vai acompañado

